

XORNADA

PENSAR CON ORGULLO

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
Martes, 11 de xuño de 2019



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

“Ao suxeito sexual non lle é accesíbel un punto de apoio externo ao dispositivo de sexualidade (nin o desexo, nin o sexo), e é só apoiándose nas normas ditadas por tal dispositivo como é posíbel opor resistencia. Actuando de forma conxunta, por exemplo, mulleres feministas e lesbianas, homes gais, persoas bisexuais, transxénero, intersexo e asexuais poden introducir colectivamente variacións nas performances de xénero que as constitúen, que darán vida a novas modalidades de recoñecemento”.

Lorenzo Bernini

Pensar con Orgullo responde á necesidade de cuestionar os conceptos herdados e descubrir novos réximes de verdade, máis alá das fronteiras do patriarcado e as súas violencias. As contribucións das teorías queer e os estudos LGBTIQ no descubrimento e construción de novas visións do mundo sitúanse na galaxia da Filosofía como tradición crítica, como estímulo para transformar o mundo desde o pensamento. Nada tan pertinente hoxe como interrogarnos sobre os termos que permiten pensármonos. Quen somos nós neste século? Como chegamos a imaxinar a nosa sexualidade a través de conceptos como “macho”, “femia”, “home”, “muller”, “heterosexual”, “homosexual”, “transexual”, “DSD”? Cal é a relación entre a política e a sexualidade? Son os nosos corpos espazos de inscrición de xéneros mutantes? Cales son as propostas de futuro?

Estas son algunhas das preguntas que desde a Sección de Pensamento do Consello da Cultura Galega queremos propoñervos, para un debate aberto e plural, con diferentes especialistas nos estudos queer e LGBTIQ. A xornada persegue ser un espazo de encontro para revisar conceptos e imaxinar novas formas de activismo e pensamento. Novas formas de recoñecemento e articulación do político. Animádevos a pensar con orgullo!

PROGRAMA

10:00 horas

Inauguración

10:15 horas

Pensando a sexualidade: teorías queer

Lorenzo Bernini, profesor asociado de Filosofía Política na Università degli Studi di Verona

Presenta: **Laura Maletta**, investigadora

12:00 horas

Descanso

12:30 horas

A identidade desde o desexo

Beatriz Suárez Briones, profesora de Teoría da Literatura e Literatura Comparada na Universidade de Vigo

Presenta: **Enrique Latorre**, Universidade de Santiago de Compostela

14.00 horas

Peche da sesión da mañá

16:30 horas

Transidentidade e Dereito

Marina Sáenz, profesora de Dereito Mercantil na Universidade de Valladolid

Presenta: **Cristina Palacios**, presidenta de Arelas

18:00 horas

Diversidade sexoxenérica e educación: máis alá da inclusión

Luis Puche, investigador no Departamento de Antropoloxía Social da Universidade Complutense de Madrid

Presenta: **Carmen Fernández Morante**, Universidade de Santiago de Compostela

19:30 horas

Manual do Macho Ibérico. (De)construíndo con Elisa e Marcela

Videocreación a cargo da compañía teatral A Panadaría

19:50 horas

Conclusións e peche da xornada

ORGANIZA

Sección de Pensamento (CCG)
Consello da Cultura Galega

COORDINA

Carme Adán Villamarín
Celia Pereira Porto

LUGAR

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

INSCRICIÓN

A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado (100 persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.
Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada.
Para obter o diploma é preciso asistir ao 75 % das sesións.

MÁIS INFORMACIÓN

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>

